



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de maio de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(430).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de maio e ordinaria do 21 de maio de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(431).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VIGO (EMT). EXPTE. 24770/332.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (EMT)

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 29 de xaneiro de 2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 18 de febreiro, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 423.201,28 euros (33.022,56€ na anualidade de 20210; 105.800,32€ na anualidade de 2022, 105.800,32€ na anualidade de 2023, 105.800,32€ na anualidade de 2024 e 72.777,76€ na anualidade de 2025) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro, con cargo a partida 3230.227.99.03 “Escola municipal de teatro” e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 529.001,60€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de



Concello de Vigo

xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMAXINERÍA, S.L.	92 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L. (B-36.914.372), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L., o día 4 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 17 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMAXINERÍA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINERÍA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de

valor de data 27 de abril de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación de data 3 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMAXINERÍA, S.L. (B-36.914.372) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 410.504,20 euros, exento de IVE.*
- b) Comprométese á impartición de 40 horas de cursos específicos, de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMT (Anexo I do PPT).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(432).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA A RELFAS – SÁRDOMA". EXPTE. 654/441.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA A RELFAS - SÁRDOMA" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €), con sinatura dixital de data 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (92.443,29 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 16.043,88 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que tivesen presentado xustificación ningunha en prazo:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,31
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,01
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,16
5	DESMACO, S.L.	81,11

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 11 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 19 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de abril e 5 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de maio de 2021, dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que tivesen presentado xustificación ningunha en prazo:*
 - *ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.*
 - *SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.*
2. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma” (654-441) por un prezo total de 77.929,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.524,99 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(433).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021. EXPTE. 20368/333.

Visto o informe xurídico do 13/04/21 e o informe de fiscalización do 18/05/21, dáse conta do informe-proposta do 05/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, polo concelleiro-delegado de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 47.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.10 a favor da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB VIGO VOLEIBOL conta cun equipo de elite na modalidade de voleibol na categoría Superliga 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Concello de Vigo

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Consegui que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB VIGO VOLEIBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axu-

das públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “*Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos*”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.10, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB VIGO VOLEIBOL durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB VIGO VOLEIBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 47.000,00€. a favor da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL co CIF: G36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, nº 2-6ºC, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20368-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20368/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de



Concello de Vigo

2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL CIF: G36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, nº2 -6ºC, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20368/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga 2 , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB VIGO VOLEIBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB VIGO VOLEIBOL impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 47.000,00€, a favor da entidade deportiva CLUB VIGO VOLEIBOL.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade CLUB VIGO VOLEIBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20368-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB VIGO VOLEIBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade CLUB VIGO VOLEIBOL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de voleibol na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.



Concello de Vigo

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB VIGO VOLEIBOL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB VIGO VOLEIBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB VIGO VOLEIBOL unha subvención por importe de 47.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da



Concello de Vigo

subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



Concello de Vigo

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de _____.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(434).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE. EXPTE. 4260/611.

Visto o informe xurídico do 20/05/21 e o informe de fiscalización do 24/05/21, dáse conta do informe-proposta do 20/05/21, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 26 de marzo de 2019 , acordou aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE NÚM. 2496-611” para un período de dous anos.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de xuño de 2019 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo:

“Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) coas seguintes condicións:

1.O prezo total dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 5.015.126,76 euros , sendo a cota correspondente ao IVE de 870.933,90 euros.

2.O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros, sendo o importe do IVE de 3,58 euros.

3.Propón un incremento de 15.000 euros do importe destinado á reposición de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPT.

4.Propón un incremento de 6.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 13 do Anexo I (FEC) do PCAP.



Concello de Vigo

5. Incrementa a experiencia mínima esixida para a persoa responsable do contrato en 5 anos (8 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizase o 27.06.2019, con efecto 1 de xullo de 2019 e duración ata o 30 de xuño de 2021 e nel contéplase a posibilidade de dúas prórrogas, con cadanseu ano de duración. Con data 26 de xuño realizase unha corrección pola Xefa do Servizo de contratación da Cláusula 2 do documento do contrato por un erro material nas cantidades do prezo total do contrato.

O prezo total do contrato para os dous anos é de 6.851.196,76 euros, dos que 5.015.126,76 euros corresponden o mantemento e funcionamento das instalacións e 1.836.070,00 corresponden ós servizos técnicos deportivos e docentes para o desenvolvemento de programas. O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros con IVE.

Posteriormente, con data 14.12.2020, iníciase o expte núm. 6570-241, de modificación do contrato, que ten por obxecto axustar as prestacións obxecto do contrato ás medidas preventivas aprobadas pola autoridade sanitaria para facer fronte a crise do COVID -19, toda vez que, trala reanudación das actividades docentes e deportivas do contrato das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, persistía na Comunidade Autónoma de Galicia a situación de emerxencia sanitaria que obrigaba á adopción de medidas extraordinarias en materia de limpeza, desinfección, procesos de control durante o tempo que mediara ata o levantamento das medidas preventivas e en todo caso ata a data de finalización do contrato.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 04 febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións

orxamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores, 3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orxamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:

aplicación orxamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con iva 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

3º.- *Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

O correspondente contrato modificado, asínase o día 08.03.2021 e establece no seu punto 4 que o prazo do contrato rematará o 30 de xuño de 2021, estando contemplada unha prórroga dun ano.

Tendo en conta a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 7.05.2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma o 9.05.2021 establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, estímase conveniente que esta prórroga inclúa os gastos derivados da modificación do contrato derivada pola situación provocada pola Covid-19, para os períodos comprendidos entre o 01.07.2021 e 31.12.2021 (76.284,48 €) e entre o 01.01.2022 ao 30.06.2022 (76.284,48 €)

Por último, indicar que o 5.03.2021, notifícouse á empresa adxudicataria o preaviso de prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación de dita prórroga de obrigatoriedade para o contratista. A dita empresa comunica a aceptación da prórroga do contrato en documento número 210080952 do 10.05.2021.

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A pró-



Concello de Vigo

rroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. *O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.*

A empresa que presta o servizo, “**FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992**”, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “**FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992**“ no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a:

Plan de mantemento e organización do servizo e o plan das actividades docentes desenvolvidas.

O prezo do contrato: atópase dentro dos prezos de mercado e tendo en conta o convenio colectivo de empresa para o contrato.

4.- Prezo total do contrato dous anos

O prezo do contrato é 6.851.196,76 euros, dos que 5.015.126,76 euros corresponden ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é 1.836.070 euros corresponde aos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos. O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros.

5.- Prezo para o período da prórroga.

5.a) Atendendo a que a primeira prórroga é por 1 ano (1-07-2021 a 30-06-2022) distribúese o importe para o período cos importes importes: 3.425.598,37 c/IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 € ao funcionamento e mantemento das instalacións e 918.035,00 € aos servizos técnicos deportivos e docentes.

5.b) Atendendo á modificación do contrato por circunstancias derivadas da Covid-19, inclúense os importes seguintes: 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.07.21 e 31.12.21 e 76.284,48 para o intervalo semestral comprendido entre o 01.01.2022 e o 30.06.2022.

6(435).- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do presuposto vixente:

3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARMÉ
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. " En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, solicítase se proceda a tramitar a primeira prórroga do contrato "dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes" polo período de 1 ano, dende o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa **FCC AQUALIA, S.A** co CIF: **A- 26019992** sendo o importe total 3.578.167,33 c/IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 € ao funcionamento e mantemento das instalacións, 918.035,00 € aos servizos técnicos deportivos e docentes e 152.568,96 € á prórroga polo período dun ano da modificación contractual derivada da Covid-19.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece LCSP 9/2017 do 8 de novembro, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: aprobar a 1ª prórroga de 1 ano para a prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes, da empresa FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992, sendo o



Concello de Vigo

importe total do período desta 1ª prórroga por un período dun ano, de 3.425.598,37 euros con IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 euros ao funcionamento e mantemento das instalacións, e 918.035,00 euros c/ive ós servizos técnicos deportivos e docentes, dende o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022, con cargo as seguintes partidas orzamentarias do orzamento vixente e coa seguinte distribución:

Periodo 01/07/2021 a 30/06/2022

		%	importe euros
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00%	927.798,45
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00%	526.588,31
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00%	626.890,84
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00%	426.285,77
Total c/ive		100,00%	2.507.563,37
	MONITORES		
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00%	91.803,50
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33%	104.013,36
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05%	294.230,22
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45%	196.918,51
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15%	148.262,65
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02%	82.806,76
Total c/IVE		100,00%	918.035,00

Periodo 01/07/2021 a 30/06/2022: Distribución anualidade

			Periodo 01/07/2021 a 31/12/2021	Periodo 01/01/2021 a 30/06/2022	
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00%	463.899,23	463.899,22	927.798,45
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00%	263.294,16	263.294,15	526.588,31
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00%	313.445,42	313.445,42	626.890,84
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00%	213.142,88	213.142,89	426.285,77
Total c/IVE		100,00%	1.253.781,69	1.253.781,68	2.507.563,37
	MONITORES				

3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00%	41.728,86	50.074,64	91.803,50
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33%	47.278,80	56.734,56	104.013,36
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05%	133.741,01	160.489,21	294.230,22
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45%	89.508,41	107.410,10	196.918,51
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15%	67.392,11	80.870,54	148.262,65
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALDARES	9,02%	37.639,44	45.167,32	82.806,76
Total c/IVE		100,00%	459.017,50	465.017,50	918.035,00

Segundo: incluír nesta 1ª prorroga de 1 ano, para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022, a modificación contractual derivada da Covid-19, polos seguintes importes: 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.07.21 e 31.12.21 e 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.01.2022 e o 30.06.2022, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias do orzamento en vigor, de acordo coa seguinte distribución:

Período 1.07.2021 a 31.12.2021: MODIFICACIÓN CONTRACTUAL COVID-19				
aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con ive 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALDARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €



Concello de Vigo

Período 1.01.2022 a 30.06.2022: MODIFICACIÓN CONTRACTUAL COVID-19				
aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con iva 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

Terceiro: *notificar este acordo da 1ª prórroga a empresa "FCC AQUALIA, S.A co CIF: A-26019992", nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(436).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS. EXPTE. 2801/500.

Visto o informe de fiscalización do 21/05/21, dáse conta do informe-proposta de data 18/05/21, asinado pola directora de ingresos, o tesoureiro municipal, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e a técnica xurídica de Dirección de Ingresos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante acordo plenario de 28 de xullo de 2003 o Concello de Vigo acordou a “Adhesión íntegra ó convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario”.

Segundo.- Posteriormente, por acordo plenario do 25 de abril de 2005 acordouse a “Adhesión do Concello ao convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas Entidades Locais”.

Terceiro.- No BOE nº 80 do 3 de abril de 2021 publicouse a Resolución de 26 de marzo de 2021, da Dirección do Servizo de Planificación e e Relacións Institucionais da Axencia Estatal da Administración Tributaria- 5262, pola que se publica o Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais.

Cuarto.- O desenvolvemento dos convenios aprobados en 2003 e 2005, no que atinxe ás obrigas de comunicación de información municipal, asignouse a cada un dos servizos municipais onde se xeneraba a información a transmitir periodicamente á AEAT.

Sen embargo, no actual estadio tecnolóxico e de interoperabilidade de bases de datos estímase moito máis eficiente residenciar a responsabilidade da comunicación da información á AEAT nun equipo integrado polo Servizo de Administración Electrónica, Tesourería/Recadación e Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.

- Polos servizos de Recadación, aos efectos de tramitación de embargos en contas e depósitos bancarios de débedas que se atopen na fase de embargo, solicitaranse da AEAT os datos identificativos necesarios para a traba da contía correspondente cando non se obteña unha información completa a través do sistema financeiro.

En canto a información sobre medios de pago, na medida en que resulte tecnicamente posible para o Imposto sobre Bens Inmóbiles, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sancións de tráfico (ou doutro tipo) municipais, outros tributos, taxas ou contribucións especiais, a información sobre a conta bancaria non supón limitación técnica sempre e cando o pago estea domiciliado. De non concorrer esta circunstancia, non será posible facilitar esta información.

En canto á traba das devolucións tributarias solicitadas á AEAT por contribuíntes que á súa vez son debedores en concepto de débedas de dereito público en fase de embargo do Concello de Vigo, tamén lle corresponde ao servizo de Recadación o intercambio de información que na actualidade está funcionando axeitadamente.

En relación aos embargos a realizar pola AEAT sobre pagos que debe realizar a Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, respecto de obrigados ao pago de débedas xestionadas pola AEAT, os intercambios de información véñense realizando diariamente a través da sede electrónica da AEAT, de tal forma que as retencións cautelares que fai a



Concello de Vigo

AEAT, son confirmadas dentro dos SEIS días seguintes coa notificación da dilixencia de embargo, que xera unha operación contable de rexistro do embargo e o ingreso na tesourería da AEAT. En consecuencia, os intercambios de información que se implementen a partir da entrada en vigor deste novo convenio, teñen que ter a garantía de que o Concello, previo ao ingreso na AEAT, ten que ter no seu poder a preceptiva dilixencia de embargo. Se a información a intercambiar está a disposición das partes no «Punto Neutro de Embargos», o Concello pode verificar en tempo real que a retención cautelar que está a facer a AEAT, ten causa nas dilixencias de embargo que están a disposición do Concello no Punto Neutro de Embargos. Esa verificación xerará automaticamente o ingreso da/s contías á AEAT.

Os técnicos responsables destas relacións polos Servizos de Recadación e Tesourería coa AEAT, son: Oscar Vega Andián, Adxunto ao Tesoureiro e responsable técnico da recadación, José Luis Fernández Gallego, responsable técnico da recadación en período executivo e Luis García Alvarez, Tesoureiro Municipal.

- Na Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada realizarán as tarefas operativas necesarias para recabar, nas condicións que esixe o intercambio, as distintas informacións a subministrar á AEAT o equipo de técnicos encargado da elaboración da base de datos única e interoperable para a xestión do padrón do “ciclo da auga” (integración de datos tributarios, estatísticos, catastrais e contratos de auga) e do traslado de planeamentos e actos urbanísticos á Base de Datos Catastral (convenio vixente entre o Concello de Vigo e a Dirección Xeral do Catastro). Integran este equipo interdisciplinar Oscar Abad Rodríguez, Técnico de Administración Especial/Economista da Inspección de Tributos; Fernando Lago López, Enxeñeiro Técnico da Dirección de Ingresos, supervisor das actuacións do citado Convenio e Fernando González Núñez, Xestor Tics Tributario da Dirección de Ingresos.

Este equipo desenvolverá, baixo a dirección/supervisión do Xefe de Servizo de Administración Electrónica e Informática ou técnico designado por este, as actuacións necesarias para o cumprimento do Convenio en relación ao conxunto dos subministros de información do Concello, agás as de Recadación e Tesourería mencionadas anteriormente.

LEXISLACION APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LRLG)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP)
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.
- Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, que aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co artigo 47.1 da LRXSP, son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Son características dos convenios:

- é un acordo de vontades
- as partes atópanse nun plano de igualdade
- deben responder a un interese común e, neste caso, a unha obriga legal: o subministro e intercambio de información relevante para o exercicio das competencias tanto da AEAT como desta administración municipal. De conformidade co disposto no artigo 94 da LXT todas as administracións públicas están obrigadas a subministrarse entre elas cantos datos, informes e antecedentes con trascendencia tributaria teñan recabado. Precisa o artigo 95 da mesma LXT a non cesión a terceiros dos datos, informes e antecedentes que obtiveran como resultado da súa xestión, agás que se trate precisamente da *“colaboración con outras administracións tributarias a efectos de cumprimento de obrigas fiscais no ámbito das súas competencias”*.

- pola súa natureza administrativa, corresponde á xurisdicción contencioso-administrativa coñecer as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

II.- Obxecto.

O presente expediente ten por obxecto a **adhesión** ao *“Convenio entre a Axencia Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais co fin de establecer un un sistema estable para dito intercambio e subministro por medios informáticos e telemáticos”* (5262- Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT- BOE nº 80 do 03/04/2021).

Este convenio establece un marco xeral e protocolizado para o intercambio de información relevante para dúas administracións tributarias (a municipal e a AEAT) e para a colaboración na xestión recadadora, preservando os dereitos das persoas ás que se refira a información.

III.- Carácter non contractual da actividade de subministro e intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Tal e como establece a Memoria xustificativa deste expediente, o convenio obxecto de adhesión queda suxeito á regulación efectuada pola LRXSP e expresamente excluído da citada Lei 9/2017.

A normativa tributaria básica establece unhas obrigas taxativas moi esixentes na colaboración entre administracións tributarias. Todas as típicas funcións tributarias implican o



Concello de Vigo

exercicio de autoridade de forma que salvo actuacións complementarias, estas son indelegables e non externalizables mediante contrato.

IV.- Necesidade e oportunidade da adhesión ao convenio e expresión da competencia implicada.

A necesidade e oportunidade da adhesión ao presente convenio recóllese na Memoria xustificativa do mesmo, documento obrigado segundo o artigo 50 da LRXSP.

O mantemento dunha canle de colaboración fluída e estable (que redundará na eficacia e eficiencia da xestión tributaria e recadatoria municipal) entre a AEAT e o Concello de Vigo impele á adhesión ao *“Convenio entre a Axencia Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais co fin de establecer un sistema estable para dito intercambio e subministro por medios informáticos e telemáticos”* (5262- Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT- BOE nº 80 do 03/04/2021).

A competencia na que se fundamenta a actuación desta administración municipal, que esixe o artigo 49.b) da LRXSP, radica no exercicio da potestade tributaria municipal (artigo 4.1.b) da Lei 7/1985).

V.- Réxime xurídico.

No presente expediente tramítase a **adhesión** a un convenio asinado entre a AEAT e a FEMP ao abeiro do disposto no artigo 48 da LRXSP, que habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

O citado convenio conta con informe favorable do servizo xurídico da AEAT, autorización previa do Ministerio de Facenda segundo o artigo 50 da LRXSP. Asimesmo, conta con informe favorable do Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

No tocante a esta administración municipal, o artigo 55 da LBRL dispón que *«Para la efectiva coordinación y eficacia administrativa, la Administración General del Estado, así como las Administraciones autonómica y local, de acuerdo con el principio de lealtad institucional, deberán en sus relaciones recíprocas: d) Facilitar a las otras Administraciones la información sobre la propia gestión que sea relevante para el adecuado desarrollo por éstas de sus cometidos y e) Prestar, en el ámbito propio, la cooperación y asistencia activas que las otras Administraciones pudieran precisar para el eficaz cumplimiento de sus tareas»*.

VI. Contido, tramitación e competencia.

O texto do convenio (publicación do BOE de 03/04/2021 que consta como documento anexo ao presente expediente) obxecto de adhesión recolle os contidos mínimos establecidos no artigo 49 da LRXSP. De maneira detallada concrépanse as obrigas das partes, así como as causas de resolución. O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da LRXSP.

Constan no presente expediente de adhesión os documentos necesarios para a súa tramitación:

- orde de inicio,
- memoria xustificativa do convenio,
- texto completo do convenio obxecto de adhesión publicado no BOE n.º 80 do 03/04/2021 (5262- Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT),
- anexo II: “Acto de Adhesión ao Convenio da Entidade Local Concello de Vigo” (documento esixido pola Cláusula Terceira) asinado polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda en virtude dos puntos 32 e 33 das súas competencias segundo Decretos de Delegación de Competencias de 18 e 26/06/2019),
- anexo III: “Nomeamento de interlocutor único e persoas físicas de contacto e persoas físicas de contacto para o desenvolvemento das funcións previstas no Convenio”, que recaerá sobre o Concelleiro de Orzamentos e Facenda (este documento resulta esixida pola Cláusula Sétima do Convenio obxecto de adhesión para centralizar as peticións de información á AEAT para finalidades non tributarias) e
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2016 relativo a “Aprobación do documento política de seguridade da información dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade”, documento vixente.

A proposta de adhesión ao convenio deberá remitirse á Intervención Xeral do Concello antes da aprobación pola Xunta de Goberno, de conformidade co artigo 214.1 do TRLFL.

Corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da adhesión ao “Convenio entre a Axencia Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais co fin de establecer un un sistema estable para dito intercambio e subministro por medios informáticos e telemáticos” (5262- Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT- BOE nº 80 do 03/04/2021), para posterior sinatura polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

Proposta de acordo:

Primeiro.- Acordar a **adhesión** do Concello de Vigo ao “Convenio entre a Axencia Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais” (5262- Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT- BOE nº 80 do 03/04/2021).

Segundo.- Nomear interlocutor único a D. Jaime Aneiros Pereira, Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, en virtude do punto 33 do Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 26 de xuño de 2019, en cumprimento da cláusula sétima da Resolución de 26 de marzo de 2021 da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT- 5262.

Terceiro.- Remitir ao Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da AEAT o Anexo II- Acto de Adhesión convenientemente asinado, así como o Anexo III relativo ao



Concello de Vigo

nomeamento do interlocutor único e persoas físicas de contacto e o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2016 relativo a “Aprobación do documento política de seguridade da información dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade”, documento vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(437).- PROPOSTA ESTIMATORIA DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020. EXPTE. 17973/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/05/21, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020.

ANTECEDENTES

Con data do 24.09.2020 e núm. de rexistro 20173386 Almudena Gómez Fernández co DNI 7*****48S presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas do ano 2020.

Con data do 31.10.2020 e núm. de rexistro 200198909 Almudena Gómez Fernández co DNI 7*****48S achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude (expte. 17633/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10.12.2020, acordou denegarlle a axuda por acadar unha menor puntuación de acordo co baremo establecido.

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, con data do 10.12.2020 publicouse no taboleiro de editos e na páxina web www.vigo.org do Concello de Vigo a resolución relativa ao outorgamento desta axuda.

Con data do 30.12.2020 e núm. de rexistro 200277353 Almudena Gómez Fernández co DNI 7****48S presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 10.12.2020 pola que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a desconformidade coa resolución e solicita a admisión do dito recurso e documentos e, previos os trámites legais oportunos, se inclúa na dita resolución cos puntos que realmente obtivera e se pola puntuación resulta beneficiaria se proceda a asignarlle o crédito orzamentario correspondente, baseado nas seguintes alegacións:

“ PRIMERA.- Según los criterios de evaluación establecidos en las bases reguladoras y la convocatoria de las ayudas municipales y creaciones de empresas 2020, teniendo en cuenta la documentación presentada considero que tengo derecho a los siguientes puntos (según el apartado 1.6.1. Criterios de escala de las solicitudes)

1. Situación social de la promotora:

–x Mujer (2 puntos)

–x Persona desempleada de larga duración (2 puntos)

Para la ratificación de estos puntos se adjunta el DNI y la vida laboral de la promotora.

2. Puestos de trabajo creados:

–x KARINA RODRIGUEZ ALVAREZ: En cuanto a esta trabajadora, empezó realizando 15h semanales el 17/09/2019, pero a los pocos días, el 25/09/2019 pasa a contrato indefinido de 35 horas semanales manteniéndose durante más de tres meses. Con este cambio, que se puede comprobar en la documentación adjunta, esta trabajadora se podría tener en cuenta para la obtención de puntos (posibles 1,25 puntos).

–x MARINA ALEJANDRA GONZALEZ LOPEZ: ajunto el contrato indefinido de esta trabajadora, de 40 horas semanales y la cual ha mantenido vinculo durante más de tres meses, cumpliendo de este modo los requisitos para la puntuación. (2 puntos).

3. La promotora auto empleada y las trabajadoras indicadas, están empadronadas en el Concello de Vigo . (4 puntos o 5,25 si tenemos en cuenta a Karina).

4. Empleo de la lengua gallega en la realización de las actividades de la empresa. (2 puntos).

6. Al no haberse presentado requerimientos de solicitud de documentación se entiende que la solicitud estaba completa. (2 puntos).

Teniendo en cuenta todo lo indicado la puntuación que obtendría es de 16,50 puntos y no la obtenida en la resolución de otorgamiento de ayudas, de la Publicación del acuerdo adoptado en la sesión extraordinaria y urgente del 10.12.2020 de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta da Comisión de Valoración y Seguimiento de la unidad de Desenvolvemento Local y Empleo. (11/12/2020).

SEGUNDA.- Que en justificación de lo anteriormente alegado se aportan los siguientes documentos:

1.- DNI Promotora.

2.- Vida laboral promotora y trabajadoras.

3.- Copia de los contratos y modificaciones.

4.- Volante de empadronamiento promotora y trabajadoras.

5.- Prueba utilización del gallego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2020 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, expediente 17467/77, establecen:



Concello de Vigo

- Na Base 1.6.1 Criterios de baremación das solicitudes: “ A concesión das axudas realizárase a través da comparación das solicitudes presentadas e graduarase tendo en conta os seguintes criterios:
- 1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

<i>Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE</i>	<i>4 puntos</i>
<i>Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de PEIM</i>	<i>6 puntos</i>

- 2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Avaliarase na medida na que as persoas promotoras autoempregadas acrediten a súa pertenza a colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- *Persoa desempregada de longa duración ⁽¹⁾*
- *Que sexa o seu primeiro emprego*
- *Menor de 30 anos*
- *Maior de 45 anos*
- *Muller*
- *Discapacitado/a⁽²⁾*
- *Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽³⁾*
- *Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio ⁽⁴⁾*
- *Persoa que forme unha familia monoparental ⁽⁵⁾*
- *Persoa que forme unha familia numerosa ⁽⁶⁾*

<i>Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

- 3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase de xeito proporcional, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

<i>Por cada emprego creado, por conta propia ou allea, a tempo completo de duración mínima de 3 meses</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

- 4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de 3 meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

<i>Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de Vigo</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

- 5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegárase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

<i>Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

- *6. Que a presentación da solicitude estea completa, sen ter que facer ningún tipo de requirimento (2 puntos).*

<i>Presentación de solicitude completa que non precisa facer requirimento</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

⁽¹⁾ *Parados/as de longa duración serán aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 meses se fosen menores de 25 anos.*

⁽²⁾ *Terá a condición de persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou maior que o 33% e o acredite de xeito documental.*

⁽³⁾ *Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.*

⁽⁴⁾ *Acreditarase esta condición mediante a certificación do servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

⁽⁵⁾ *Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a consulta do Anexo VII. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.*

⁽⁶⁾ *A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

Revisado o expediente 17633/77 a nome de Almudena Gómez Fernández co DNI 7*****48S de solicitude da axuda e ao abeiro do disposto nas antecitadas bases constátase o erro no cálculo da puntuación de baremo subindo ata 19,5 puntos de baremo polo incremento de puntuación nos criterios 3, 4 e 5 da Base 1.6.1 segundo reflicte a ficha do cálculo que se achega no expediente.

Xa que logo, procede unha puntuación de baremo a 19,5 puntos e outorgar a axuda solicitada polo importe de 3.000,00€ conforme á proposta económica que se achega no expediente.

Debido a que a aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á Creación de empresas” non ten disponible suficiente, o abono da subvención de 3.000,00€ farase con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á Creación de empresas” do Estado de Gastos do vixente orzamento.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado por Almudena Gómez Fernández co DNI 7*****48S (expte. 17973/77), por canto se constata unha puntuación 19,5 puntos de baremo e outorgar a axuda solicitada por importe de 3.000,00€ de conformidade coas bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020. O importe de 3.000,00€ farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á Creación de empresas” do Estado de Gastos do vixente orzamento.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado e informar de que, conforme á base 5ª das Bases reguladoras e Convocatoria 2020 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, dispón dun **prazo de 10 días**, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, **para comunicar** á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a **aceptación ou renuncia** da axuda por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada e farase efectiva nun pagamento único, condicionadas a **presentación da documentación necesaria para a xustificación da subvención**.

TERCEIRO.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(438).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONSTAS XUSTIFICATIVAS DE LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR- ANO 2021 (1ª). EXPTE. 102841/140.

Visto o informe de fiscalización de data 24/05/21, dáse conta do informe-proposta do, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2021.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202100004471	9120.2260100	2.000,00	798,54	19/01/21	08/04/21	19/04/21	1.201,46	—
Abalde Comesaña Raquel	202100004472	9121.2310000	600,00	230,48	19/01/21	08/04/21	19/04/21	369,52	—

Abalde Comesaña Raquel	202100004473	9121.2200100	1.200,00	1.151,50	19/01/21	09/04/21	19/04/21	48,50	—
Abalde Comesaña Raquel	202100004474	9120.2269900	700,00	688,90	08/01/21	08/04/21	08/04/21	11,10	—
Álvarez Vázquez Daniel	202100004259	2310.4800011	100,00	100,00	15/01/21	26/01/21	15/04/21	0,00	—
Barbará Rodríguez Beatriz	202100004258	9330.2250100	5,18	5,18	15/01/21	10/05/21	15/04/21	0,00	---
Couce Senra Óscar	202100008207	1532.2260300	29,45	29,45	19/01/21	12/02/21	19/04/21	0,00	---
García Álvarez Luís	202100002864	9201.2260300	2.000,00	1.742,15	08/01/21	03/05/21	08/04/21	257,85	—
García Álvarez Luís	202100007948	9201.1620001	750,00	750,00	02/02/21	10/02/21	02/05/21	0,00	—
García Álvarez Luís	202100013477	9200.2219901	137,03	137,03	04/03/21	13/04/21	04/06/21	0,00	---
García Álvarez Luís	202100004261	2311.4800000	4.500,00	4.500,00	15/01/21	05/04/21	15/04/21	0,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202100004475	1320.2219900	1.000,00	999,94	19/01/21	19/04/21	19/04/21	0,06	---
Martínez Muñoz Francisco	202100004476	1320.2269900	1.000,00	449,80	19//01/21	12/04/21	19/04/21	550,20	---
Martínez Muñoz Francisco	202100004477	1320.2312000	200,00	28,00	19/01/21	07/04/21	19/04/21	172,00	
Martínez Muñoz Francisco	202100004478	1320.2260100	300,00	0,00	19/01/21	06/04/21	19/04/21	300,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202100004479	1320.2140000	500,00	0,00	19/01/21	08/04/21	19/04/21	500,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202100004480	1320.2120000	1.000,00	0,00	19/01/21	09/04/21	19/04/21	1.000,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202100004481	1320.2190000	500,00	435,60	19/01/21	07/04/21	19/04/21	64,40	—
Núñez-Torrón López Jesús	202100003312	2310.4800000	150.000,00	140.630,14	11/01/21	07/04/21	11/04/21	9.369,86	—
Núñez-Torrón López Jesús	202100008703	2310.4810000	451.170,00	383.730,32	05/02/21	01/03/21	05/05/21	67.439,68	—
Vega Andión Oscar M.	202100006043	9200.2219902	500,00	495,37	25/01/21	09/04/21	25/04/21	4,63	—
TOTAL			618.191,66	536.902,40				81.289,26	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202100004258 de Barbará Rodríguez Beatriz e 202100002864 de García Álvarez Luís.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	



Concello de Vigo

Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202100004258 de Barbará Rodríguez Beatriz e 202100002864 de García Álvarez Luis non se renderon no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202100004471	9120.2260100	2.000,00	798,54	19/01/21	08/04/21	19/04/21	1.201,46	—
Abalde Comesaña Raquel	202100004472	9121.2310000	600,00	230,48	19/01/21	08/04/21	19/04/21	369,52	—
Abalde Comesaña Raquel	202100004473	9121.2200100	1.200,00	1.151,50	19/01/21	09/04/21	19/04/21	48,50	—
Abalde Comesaña Raquel	202100004474	9120.2269900	700,00	688,90	08/01/21	08/04/21	08/04/21	11,10	—
Álvarez Vázquez Daniel	202100004259	2310.4800011	100,00	100,00	15/01/21	26/01/21	15/04/21	0,00	—
Barbará Rodríguez Beatriz	202100004258	9330.2250100	5,18	5,18	15/01/21	10/05/21	15/04/21	0,00	---
Couce Senra Óscar	202100008207	1532.2260300	29,45	29,45	19/01/21	12/02/21	19/04/21	0,00	---
García Álvarez Luis	202100002864	9201.2260300	2.000,00	1.742,15	08/01/21	03/05/21	08/04/21	257,85	—
García Álvarez Luis	202100007948	9201.1620001	750,00	750,00	02/02/21	10/02/21	02/05/21	0,00	—
García Álvarez Luis	202100013477	9200.2219901	137,03	137,03	04/03/21	13/04/21	04/06/21	0,00	---

García Luis	Álvarez	202100004261	2311.4800000	4.500,00	4.500,00	15/01/21	05/04/21	15/04/21	0,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202100004475	1320.2219900	1.000,00	999,94	19/01/21	19/04/21	19/04/21	0,06	---
Martínez Francisco	Muñoz	202100004476	1320.2269900	1.000,00	449,80	19//01/21	12/04/21	19/04/21	550,20	---
Martínez Francisco	Muñoz	202100004477	1320.2312000	200,00	28,00	19/01/21	07/04/21	19/04/21	172,00	
Martínez Francisco	Muñoz	202100004478	1320.2260100	300,00	0,00	19/01/21	06/04/21	19/04/21	300,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202100004479	1320.2140000	500,00	0,00	19/01/21	08/04/21	19/04/21	500,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202100004480	1320.2120000	1.000,00	0,00	19/01/21	09/04/21	19/04/21	1.000,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202100004481	1320.2190000	500,00	435,60	19/01/21	07/04/21	19/04/21	64,40	—
Núñez-Torrón López Jesús	López Jesús	202100003312	2310.4800000	150.000,00	140.630,14	11/01/21	07/04/21	11/04/21	9.369,86	—
Núñez-Torrón López Jesús	López Jesús	202100008703	2310.4810000	451.170,00	383.730,32	05/02/21	01/03/21	05/05/21	67.439,68	—
Vega Andión Oscar M.	Oscar M.	202100006043	9200.2219902	500,00	495,37	25/01/21	09/04/21	25/04/21	4,63	—
TOTAL				618.191,66	536.902,40				81.289,26	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(439).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO PARA COADJUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNO. EXPTE. 10062/320.

Visto o informe de fiscalización do 20/05/21, dáse conta do informe-proposta do 27/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 08/03/2021, D. Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, achegou os escritos (docs.: 210037277, 210037285 e 210037287), que xunto coas achegas posteriores de data 25/03/2021 doc. 210047417, 31/03/2021 doc. 210050296 e o 21/04/2021 doc. 210065845, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o 15/03/2021 ata o 30/09/2021.



Concello de Vigo

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Antonio Castro Neira , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/04/2021
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/04/2021
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/04/2021
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 24/03/2021

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1.Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
- 2.Datos do representante legal (anexo II).
- 3.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
- 4.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
- 5.Consulta de verificación de datos (anexo V).
- 6.Datos da entidade bancaria (anexo VI).
- 7.Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

CUSTE SALARIAL 2021 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (15/03/21-30/09/21)	
Coste ISLE 6 Meses e 17 Días	
Salario 801,81 + SS Empresa 262,59 + Indemnización 160,38	7.165,19 €
TOTAL GASTOS	7.165,19 €

INGRESOS	IMPORTE
Subvención Concello de Vigo 2021	7.000,00 €
Propia entidade	165,19 €
TOTAL	7.165,19 €

8. Contrato de traballo.

9. Rexistro do contrato de traballo no SEPE.

10. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a

“Asociación de Personas Sordas de Vigo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “Convenio Asociación Persoas Sordas de Vigo”, cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 23/03/2021 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 24/03/2021 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de marzo a setembro de 2021 (15/03/2021 – 30/09/2021), que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Personas Sordas de Vigo”.

Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
2. Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
3. Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
4. Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
5. Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
6. Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
7. Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
8. Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
9. Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
10. Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Antonio Castro Neira, con DNI 3330*****, en calidade de Presidente da “Asociación Personas Sordas de Vigo” (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10062/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.



Concello de Vigo

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 15 de marzo de 2021 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “*Asociación Personas Sordas de Vigo*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboaráse logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.



Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 15/03/2021 e o 30/09/2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2021**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar dixitalmente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado

de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 7.000,00 € (sete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada "*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación Personas Sordas de Vigo*" (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao finan-



Concello de Vigo

ciamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de marzo a setembro de 2021 (15/03/2021 – 30/09/2021) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 7.000 € (sete mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Don Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 10062/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
2. Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
3. Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
4. Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
5. Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
6. Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
7. Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
8. Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
9. Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
10. Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.



Concello de Vigo

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “*Convenio Asociación de Xordos*”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000 € a favor da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, as partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional

intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2021 (15/03/21- 30/09/21), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

CUSTE SALARIAL 2021 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (15/03/21-30/09/21)	
Coste ISLE 6 Meses e 17 Días	
Salario 801,81 + SS Empresa 262,59 + Indemnización 160,38	7.165,19 €
TOTAL GASTOS	7.165,19 €

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

1. Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2021 (15/03/21 - 30/09/21), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
2. A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.
3. Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.
4. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.
5. Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.
6. Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.



Concello de Vigo

7. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 23 horas 45 minutos semanais, organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.
8. O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.
9. O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.
10. O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2021, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de marzo a setembro de 2021 (15/03/21-30/09/21) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 7.000 €.
11. Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.
12. Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.
13. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.
14. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
15. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
16. En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
17. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.
2. Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 7.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asociación Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados

da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de marzo a setembro de 2021 (15/03/21 – 30/09/21).

3. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

4. Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación da acción conveniada.

5. Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “Asociación de Personas Sordas de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Cuarto.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.



Concello de Vigo

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2021.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Personais Sordas de Vigo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g a>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse dixitalmente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitud de abono da subvención asinada dixitalmente.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas dixitalmente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de prestación do servizo.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada dixitalmente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das

Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mí-



Concello de Vigo

nimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 5. Contrato de traballo
 6. Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 7. Nóminas correspondente aos meses imputados.
 8. Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 9. Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada dixitalmente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIADOS BANK).

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2021 no período comprendido entre o 15/03/2021 ao 30/09/2021.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.



Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en ma-

teria de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura dixital,

10(440).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL, DUN TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL-ECONOMISTA PARA DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 37522/220.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/21, dáse conta do informe-proposta do 20/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 4 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo: "PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 27971/220."

Por Acordo da Xunta de Goberno Local do 15/04/2021 se prorrogou por 12 meses (ata o 01/05/2022) o "PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS", así como tamén se prorrogan nomeamentos interinos para a execución do Programa dun Enxeñeiro Técnico y dúas auxiliares de Administración Xeral

II.- Dentro dos medios persoais do programa, se contemplaba un técnico de administración especial-economista subgrupo A1, que non puido ser nomeado por non existir lista de reserva.

Xenerada a referida lista e á vista da solicitude de data de sinatura electrónica da Directora de Ingresos coa conformidade da concellería delegada competente, solicitando a incorporación do técnico de administración especial economista para o devandito programa;

III.- En data de sinatura electrónica, a Concelleira delegada competente en materia de persoal, solicita á Área de RRHH e Formación: "*Incoar expediente administrativo da Área de*



Concello de Vigo

Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local do:

Nomeamento interino por execución do programa de "1 técnico de administración especial-economista subgrupo A1"

IV.- Consta informe técnico cuantificativo do gasto a propoñer e informe de verificación das listas de reserva.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal inicial (01/05/2022).



Concello de Vigo

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 65.- Técnico de admon. especial-economista), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe emitido para a solicitude do nomeamento dun técnico admon. Especial economista, xa que permenecen inalterables os motivos de xustificación da necesidade e urxencia de dito nomeamento segundo os datos que constan incorporados ao expediente, estando actualmente en pleno proceso o desenvolvemento do programa. Así mesmo na instrución de servizo da concelleira-delegada competente en materia de persoal, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultandocreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das

que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto dun técnico de admon. especial economista (dende o 01/06/2021 ata o 01/05/2022), supón un gasto de 42.799,32 € ao que haberá que engadirse a cantidade de 11.248,26 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Total: 54.047,58 €.

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021 (7 meses) e, do periodo comprendido entre o 01/01/2022 e o 01/05/2022 (4 meses e 1 día) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

Nos remitimos ao informe técnico obrante no expediente, sen prexuízo da existencia dun órgano de fiscalización previa que deberá pronunciarse sobre os aspectos obxecto deste informe técnico en exercicio das funcións reservadas ao mesmo.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente, temos que:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Técnico de Administración Especial-Economista, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Técnico Superior-Economista por programa a, M.A. Crespo Cibrán con DNI: ****7342**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,



Concello de Vigo

modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira competente en materia de persoal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decretos de 16/04/2021 e Acordo da XGL de 22/04/2021 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Técnico de administración especial-economista**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de once meses e un día(dende o 01/06/2021 ata o 01/05/2022), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas no programa de actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do Imposta de actividades económicas.

Autorizar un gasto de 42.799,32 € ao que haberá que engadirse a cantidade de 11.248,26 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Total: 54.047,58 €.

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021 (7 meses) e, do período comprendido entre o 01/01/2022 e o 01/05/ 2022 (4 meses e 1 día) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear funcionario/a interino/a por execución do programa de carácter temporal "programa de actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do Imposta de actividades económicas", por un período máximo de once meses e un día(dende o 01/06/2021 a 01/05/2022); como Técnico Superior-Economista por programa a, M.A. Crespo Cibrán con DNI: ****7342**, na súa condición de seguinte aspirante a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (01/05/2022), nos termos legalmente previstos, percibindo/ como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a/ parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 65 técnico administración especial economista, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo

coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Directora de Ingresos, á Intervención Xeral, inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(441).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA PARA O FINANCIAMENTO DO IX CONCURSO DE CORDA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 3768/330.

Visto o informe xurídico do 07/05/21 e o informe de fiscalización do 20/05/21, dáse conta do informe-proposta do 04/05/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 23 de febreiro do 2021, a Asociación Galega de Instrumentos de Corda (AGIC) presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do IX Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 3,4,5 e 6 de decembro do 2020 en streaming (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2021) ; por este motivo, con data 24 de febreiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 9.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.

O concelleiro delegado da Área de Cultura coa data 25 de marzo do 2021 resolveu minorar o importe da subvención a conceder á entidade "Asociación Galega de Instrumentos de Corda, para o desenvolvemente do "IX Concurso de Corda, Ciudad de Vigo" durante o exercicio 2021, correspondéndolle en concepto de subvención a cantidade de 3.023,14 euros, xa que o custo da actividade subvencionada é de 9.803,14 euros e o importe dos ingresos excluíndo a subvención do Concello de Vigo ascende á cantidade de 6.780 euros.

A dita resolución foi notificada á entidade interesada, (acuse de recibo do 26.03.2021), dándolle un prazo de dez días para presentar unha reformulación da solicitude de subvención polo importe de 3.023,14 euros.



Concello de Vigo

O día 03 de maio do 2021, a Asociación Galega de Instrumentos de Corda (AGIC), presenta na sede electrónica do Concello escrito de reformulación da solicitude de subvención polo importe de 3.023,14 euros.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e a promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, a entidade organiza dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e amosar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O ámbito do concurso ampliou nos últimos anos o seu ámbito xeográfico pasando de toda a Comunidade Autónoma Galega a toda a Península Ibérica participando instrumentistas de casi todo o territorio español (Madrid, Sevilla, Málaga, Tarragona, Guipuzcoa) e norte de Portugal. Nesta ocasión debida á pandemia ocasionada polo COVID-19 o concurso de corda tivo lugar en formato on line.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso tivo lugar os días 3, 4, 5 e 6 de decembro do 2020 en streaming desde Facebook.

O Concurso configurouse como un instrumento ao servizo dos novos músicos, por iso está dividido en diversas categorías que van ata a idade de 8 anos: (categoría a) ata 12 anos, (categoría B) ata 15 anos, (categoría C) ata 18 anos e (categoría D) ata 22 anos.

O seu desenvolvemento é durante tres días. Os dous primeiros destinados ás probas eliminatorias entre os concursantes admitidos a participar. E o último día destinado á final, entre os concursantes que superen a fase preliminar.

Os premios do Concurso consistiron:

Categoría A: gañador 200 €, e un accésit, dotado con 100€.
Categoría B: gañador 300€, e un accésit, dotado con 150€.
Categoría C: gañador 400€, e un accésit, dotado con 200€
Categoría D: gañador 500€, y una accésit dotado con 250€.

Sen perxuízo disto o xurado podrá conceder calquera mención especial que considere oportunas.

Estes premios son para cada un dos instrumentos participantes.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 9803,14 € (nove mil oitocentos tres euros con catorce céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 3.023,14 euros, correspondente a diferenza entre o custo da actividade subvencionada e os ingresos obtidos excluindo a subvención do Concello

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de reformulación do importe da subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Declaración xurada de que o concurso se realizou on line e polo tanto non foi necesario subscribir seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do IX Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2020, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o IX Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.13** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 3023,14 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 3023,14 € (tres mil vintetrés euros con catorce céntimos) a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, CIF. G27761196, para o financiamento do IX Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 3,4,5 e 6 de decembro do 2020 en streaming , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN CONCURSO DE VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. ROBERTO ALONSO UCHA, tesoureiro da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e

uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
6. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta declaración xurada de que non foi necesario subscribir seguro de responsabilidade civil xa que o concurso realizouse en streaming.
9. Cumprir estrictamente as medidas sanitarias adoptadas por mor da COVID-2019

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (3.023,14 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



Concello de Vigo

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 11 de novembro do 2020 ao 11 de novembro do 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración



Concello de Vigo

ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(442).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO. EXPTE. 51914/444.

Visto o informe xurídico do 19/05/21 e o informe de fiscalización do 20/05/21, dáse conta do informe-proposta do 19/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES.

1.- Dentro das actuacións que se están a levar dende o Concello de Vigo en aras a unha mellora ambiental, eficiencia e aforro enerxéticos, estase a desenvolver distintas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética do alumeado público viario. Para levar a cabo estas actuacións desenvólvese un traballo de estudo da rede de alumeado viario e de forma especial todo o ámbito co casco urbano de Vigo, dividindo o mesmo en cinco zonas para unha actuación escalonada e de acordo coa propia estrutura de división das redes de alumeado por cadros de mando, co obxecto da substitución das luminarias por novos elementos de tecnoloxía "led", así como a modernización dos centros de mando coa instalación de novos sistemas de control para a posta en marcha dun sistema de telexestión.



Concello de Vigo

2.- Coa aprobación da modificación orzamentaria número 63/2020 de crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, se dotou dos créditos necesarios para a execución da fase I da proposta deste plan de eficiencia enerxética por un importe de 2.551.133,15 €, polo cal o obxecto deste expediente e o desenvolvemento do contrato para o subministro e instalación de luminarias led e outros elementos da rede de alumeadado viario na ZONA I: CENTRO DE VIGO

3.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético e polo Xefe da Area de Investimentos en data 10.03.2021, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 10.03.2021
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 30.03.2021.
- d) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, polo Xefe da Area de Investimentos e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 05.04.2021 e 06.04.2021
- e) Certificado de crédito RCF nº 202100035857 asinado polo Director Superior Contable de data 06.04.2021
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 13.05.2021
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.05.2021.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.05.2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo

116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 da LCSP. . Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 30.03.2021 e 07.04.2021 (anexo IV).

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.05.21

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS CINCUENTA E UN MIL CENTO TRINTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.551.133,15 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de CATROCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (442.758,65 €).

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 1650.619.00.61.- Plan de eficiencia enerxética, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2021	2.551.133,15 €	2.108.374,51 €	442.758,65 €



Concello de Vigo

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(443).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO “PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL ANTE A SITUACIÓN DE SECA”. EXPTE. 917/441.

Dáse conta do informe-proposta do 21/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020”.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- No informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020” respecto do plan da seca indicábase o seguinte:

“O 18/10/2011 o Concello de Vigo aprobou en XGL un plan de actuación en caso de seca. Dito plan debe ser actualizado, dado o tempo transcorrido, as modificacións das condicións (cambio climático), así coma a aprobación de la Lei 9/2019 de Garantía de Abastecemento nos episodios de seca (publicada o pasado 10/01/2020), que obriga a que dito Plan cumpra

unha serie de requisitos documentais, e condicións non contempladas no documento actual, nin nos borradores de actualización cos que se estaba a traballar ata o momento.

O novo Plan da Seca, adaptado á Lei 9/2019 debe estar redactado antes do 10/01/2022. Estímase en 20.000 euros o investimento necesario para a elaboración do Plan de Seca, adaptado á Lei 9/2019.”

V.- Con data 7 de maio de 2021 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente no redacción do “Plan de Emerxencia Municipal ante a situación de seca”. **O devandito informe indica o seguinte:**

“O Concello de Vigo dispón dun Plan de Emerxencia Municipal en situación de seca, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 18 de outubro de 2011.

A evolución climatolóxica observada nos últimos anos, cun cambio no réxime de precipitacións que ten levado a unha maior recurrencia dos episodios de seca, levou ao Concello de Vigo a iniciar os traballos para a redacción dun novo Plan de Emerxencia Municipal ante situación de seca.

Unha vez avanzados estes traballos, aprobouse a Lei 9/2019 de Garantía do Abastecemento, publicada no DOG o pasado 10/01/2020. Nesta Lei fíxanse novos requisitos para os Plans de Emerxencia ante situacións de seca que non estaban contemplados no Plan vixente nen nos traballos de actualización realizados ata o momento. Así, a Lei prevé a necesidade de coordinar este Plan co resto de servizos municipais aos que se lles subministra auga, así como a necesidade de garantir a participación pública no proceso. Tamén especifica unha serie de contidos mínimos que o Plan debe recoller. Segundo se establece neste texto legal, as Administracións Públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación que atendan a unha poboación superior a 20.000 habitantes dispoñan dun plan de emerxencia ante situacións de seca antes do 10/01/2022.”

VI.- A vista deste informe, con data 21 de maio de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“Redacción do “Plan de Emerxencia Municipal ante a situación de seca”**”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **“Plan de Emerxencia Municipal ante a situación de seca”**



Concello de Vigo

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do **“Plan de Emerxencia Municipal ante a situación de seca”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(444).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA (SAMPAIO)”. EXPTE. 918/441.

Dáse conta do informe-proposta do 20/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos *“Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia”* do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 7 de maio de 2021 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “Renovación do Abastecemento na Rúa Rosal Florido e Contorna (Sampaio)”. **O devandito informe indica o seguinte:**

“(...) é necesario executar actuacións de mallado da rede na contorna, conectando aqueles tramos que presentan un trazado ramificado con outros adxacentes, conseguindo unha rede reticulada, onde a auga pode chegar ao punto de demanda a través de varios circuitos, mellorando as condicións de servizo e minimizando as afeccións á cidadanía en caso de ter que realizar actuacións de mantemento ou reparación”.

O reducido diámetro das conducións non resulta suficiente para facer fronte ás demandas da poboación a abastecer, o que provoca queixas vecinais por falta de caudal e presión adecuada para a prestación do servizo de abastecemento.

Resulta necesario unha mellora da rede de abastecemento da rúa Rosal Florido e contorna (Sampaio), substituindo as antigas redes de abastecemento por novas tubaxes de diámetro superior.

Así mesmo, considérase necesario executar actuacións de mallado da rede na contorna, conectando aqueles tramos que presentan un trazado ramificado con outros adxacentes, conseguindo unha rede reticulada, onde a auga pode chegar ao punto de demanda a través de varios circuitos, mellorando as condicións de servizo e minimizando as afeccións á cidadanía en caso de ter que realizar actuacións de mantemento ou reparación (...)”

V.- A vista deste informe, con data 18 de maio de 2021 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“Renovación do Abastecemento da Rúa Rosal Florido e Contorna (Sampaio)”**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“Renovación do Abastecemento na Rúa Rosal Florido e contorna (Sampaio)”**

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“Renovación do Abastecemento na Rúa Rosal Florido e Contorna (Sampaio)”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

15(445).- ENCOMENDA DE ADAPTACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORA DE ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”. EXPTE. 919/441.

Dáse conta do informe-proposta do 24/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 7 de maio de 2021 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “Mellora da estación de bombeo de augas residuais de Bouzas”. **O devandito informe indica o seguinte:**

“(…) A estación de bombeo de augas residuais (EBAR) de Bouzas foi executada no ano 1996. Dado o tempo transcurrido dende a súa construción e o ambiente agresivo no que se atopa (humidade, alta salinidade), a instalación vese afectada por un elevado proceso de corrosión, así coma un elevado deterioro do pozo de bombeo que afecta a súa estanquidade e funcionalidade.

Co obxecto de garantir o adecuado funcionamento da EBAR de Bouzas (que é unha das catro estacións de bombeo en liña do colector de marxe de ría que conduce ás augas a EDAR do Lagares), así como mellorar as condicións ambientais da explotación considérase nece-

sario executar unha renovación de equipos mecánicos, calderería e mellora do pozo de bombeo.

A tal fin, con data 21 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou encomendar á concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a actuación de “MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS (VIGO)”. (expte 5084-440).

Finalmente, a execución de dita actuación con cargo á primeira prórroga do contrato de Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento veuse comprometida pola data de fin de dita prórroga (31/12/2020) e os prazos necesarios para a tramitación e execución do proxecto. En vista ao anterior, con data 11/05/20 a Concellería de Fomento acordou a contratación dos servizos de redacción da “actualización do proxecto de mellora da estación de bombeo de augas residuais de Bouzas (expte 549-441)”, proxecto no que, respecto ás previsións iniciais, recóllense melloras nas prestacións do by-pass (mellorando o comportamento fronte a alivios á ría), así como melloras na durabilidade das conducións.

Esta actuación aparece recollida no “Informe de análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28/12/2020 e no que se analizaron as necesidades de investimento de cara a segunda prórroga do contrato de Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga (expediente 742-441).

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a execución das obras de “Mellora da estación de bombeo das augas residuais de Bouzas” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 24 de maio de 2021 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da adaptación do proxecto de mellora da estación de bombeo de augas residuais de Bouzas” aos termos establecidos no procedemento e cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión de dita concesionaria. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a adaptación do proxecto técnico das obras de **“Mellora de estación de bombeo de augas residuais de Bouzas”**



Concello de Vigo

aos termos establecidos no procedemento e cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión de dita concesionaria.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“Mellora de estación de bombeo de augas residuais de Bouzas”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(446).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE MARXE DO RÍO LAGARES”. EXPTE. 928/441.

Dáse conta do informe-proposta do 21/05/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 14 de maio de 2021 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non

aprazable da actuación consistente na “Renovación do colector de marxe do Río Lagares”.
O devandito informe indica o seguinte:

“resulta necesaria unha renovación do colector que corrixa as incidencias que presenta ao longo de seu trazado: fisuras, reducións de sección de maior a menor diámetro, rexistros que son cubertos polo río cando se producen precipitacións importantes, falta de capacidade...”

Para iso, é preciso identificar os treitos máis críticos e redactar os proxectos construtivos que definan as obras a acometer.

Esta actuación aparece recollida no “Informe de análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28/12/2020 e no que se analizaron as necesidades de investimento de cara a segunda prórroga do contrato de Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga (expediente 742-441).”

V.- A vista deste informe, con data 18 de maio de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“Renovación do colector de marxe do Río Lagares”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“Renovación do colector de marxe do Río Lagares”**

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“Renovación do colector de marxe do Río Lagares”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(447).- APROBACIÓN INICIAL DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS DE CESIÓN DE TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA. EXPTE. 897/441.

17.- APROBACIÓN INICIAL DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS DE CESIÓN DE TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA. EXPTE. 897/441.

Dáse conta do informe-proposta do 29/04/2021, asinado pola técnica de xestión, o xefe dos Servizos Xurídicos dos Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- Antecedentes

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18/11/16, resolveu autorizar o gasto para a redacción dun proxecto de humanización da rúa Tercio de Afora a prol da empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. (B36982510).

2º.- A empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 €).

3º.- A execución da devandita obra de humanización afecta ás seguintes parcelas:

Nº	DIRECCIÓN	REF. CATASTRAL	SUP. Catastral m2	SUP. CESIÓN m2	PROPIETARIOS CATASTRO	N.I.F.
5	Rúa Tercio de Afora Nº13	3960033NG2735N0001EK	289	21	Isabel Magdalena Pereiro Becerra	35.962.158-W
		3960033NG2735N0001EK			Lourdes Esther Castro Pereiro	35.986.713-Q
6	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.SM	3960032NG2735N0001JK	238	16	Electro Naval Galicia, S.L.	B36787968
	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.Baja	3960032NG2735N0003LB			Patricia Amaro Álvarez	36.143.350-T
	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.1ª	3960032NG2735N0004BZ			María Rodríguez Díaz	35.814.415-B
					Juan Carlos Paredes Rodríguez	V-11.640772
					María José Paredes Rodríguez	39.464.088-K
Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.2ª	3960032NG2735N0005ZX	Mª Paz Cacheiro Durán	76.852.406-E			
			José Carlos Rey Vázquez	35.414.737-G		
7	Rúa Tercio de Afora Nº20	3960042NG2735N0001AK	148	27	Rosa Alonso Iglesias	35.998.681-R
8	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.Baja	3960041NG2735N0001WK	122	24	Andrea López González	33.560.150-E
	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.1ª	3960041NG2735N0002EL			Isabel Casal Álvarez	36.145.951-W
	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.2ª	3960041NG2735N0003RB			Casilda Paramos Alonso	35.533.630-X
9	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.SM	3960040NG2735N0002JL	163	33	Flora Alonso Iglesias	35.991.079-N
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.Baja	3960040NG2735N0003KB				
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.1ª	3960040NG2735N0004LZ				
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.2ª	3960040NG2735N0005BX				

4º.- En vista do anterior, en datas 20 e 23/04/2021, asináronse os correspondentes convenios urbanísticos de cesión que figuran na relación seguinte:

ASINANTES	DATA SINATURA CONVENIO	Nº NO PARCELARIO DAS PARCELAS AFECTADAS
Isabel Magdalena Pereiro Becerra	20/04/2021	Parcela nº5
Lourdes Esther Castro Pereiro		
Elena Costas Soto en representación de Electro Naval Galicia, S.L.	23/04/2021	Parcela nº6
Patricia Amaro Álvarez		
María Rodríguez Díaz, no seu nome e en representación do seu fillo Juan Carlos Paredes Rodríguez		
María José Paredes Rodríguez		
Mª Paz Cacheiro Durán		
José Carlos Rey Vázquez	23/04/2021	Parcela nº7
Rosa Alonso Iglesias		
Andrea López González	20/04/2021	Parcela nº8
Isabel Casal Álvarez		
Casilda Paramos Alonso		
Flora Alonso Iglesias	23/04/2021	Parcela nº9

5º.- Constan no expediente: (i) os convenios urbanísticos de cesión iniciais asinados polos titulares de dereitos sobre os terreos afectados pola humanización do vial, nos que ceden gratuitamente ao Concello de Vigo para o dito fin, coas condicións e cargas sinaladas nos mesmos; (ii) documentación acreditativa da titularidade dos dereitos transmitidos; e (iii) planos das porcións das parcelas catastrais afectados polas obras de ampliación.

I.- Fundamentos xurídicos

Primeiro.- Os terreos cuxa cesión gratuíta se ofrece ao Concello de Vigo son terreos afectos a unha dotación pública sita en solo consolidado, que cabe cualificar de sistema local, toda vez que se trata dunha vía secundaria de titularidade municipal e, daquela, de uso xeral, que une as rúas Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández.

Segundo.- O artigo 129.1 LSG, establece que: «1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo».

Terceiro.- Segundo o artigo 167 LSG: «Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando a ordenación urbanística, se limiten á determina-



Concello de Vigo

ción dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento». Así, os convenios urbanísticos de cesión obxectos do presente informe teñen por obxecto obter os terreos necesarios para a execución da humanización da rúa Tercio de Afora de acordo co vixente PXOU de Vigo, polo que teñen a natureza de convenio para a execución do planeamento.

Cuarto.- En canto ao procedemento a seguir para a formalización e perfección dos convenios de execución do planeamento, dispón o artigo 168 LSG que: “1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.

(...)

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto”.

Quinto.- É competente para a aprobación dos convenios de cesión a Xunta de Goberno Local (artigos 127.1.d. LRBRL y 3.6 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar de maneira inicial os convenios urbanísticos de cesión relacionados na cláusula 4ª dos antecedentes do presente informe.

Segundo.- Aprobar a publicación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Concello e no periódico de maior difusión da provincia, do anuncio de subscrición de convenios urbanísticos para a obtención polo Concello de Vigo dos terreos dotacionais afectados polas obras do proxecto de humanización da rúa Tercio de Afora, co seguinte texto:

“Nas datas que a continuación se indican subscribíronse pola Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e os propietarios dos terreos afectados polas obras do PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA, que igualmente se identifican, os convenios urbanísticos que de seguido se relacionan para a obtención dos terreos dotacionais afectados pola execución do devandito proxecto.

De conformidade co disposto no artigo 168.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, procede someter o expediente a información pública polo prazo de un mes mediante

publicación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Concello e nun dos periódicos de maior difusión da provincia.

Os convenios que se someten ao trámite de información pública son os referentes ás parcelas nº5, 6, 7, 8 e 9 do parcelario, concluídos con:

ASINANTES	DATA SINA-TURA CONVENIO	Nº NO PARCELARIO DAS PARCELAS AFECTADAS
Isabel Magdalena Pereiro Becerra	20/04/2021	Parcela nº5
Lourdes Esther Castro Pereiro		
Elena Costas Soto en representación de Electro Naval Galicia, S.L.	23/04/2021	Parcela nº6
Patricia Amaro Álvarez		
María Rodríguez Díaz, no seu nome e en representación do seu fillo Juan Carlos Paredes Rodríguez		
María José Paredes Rodríguez		
Mª Paz Cacheiro Durán		
José Carlos Rey Vázquez	23/04/2021	Parcela nº7
Rosa Alonso Iglesias		
Andrea López González	20/04/2021	Parcela nº8
Isabel Casal Álvarez		
Casilda Paramos Alonso		
Flora Alonso Iglesias	23/04/2021	Parcela nº9

O que se fai público a efectos do sometemento dos devanditos expedientes ao trámite de información pública polo prazo dun mes a contar dende a última publicación deste anuncio e coa indicación de que os mesmos poderán ser consultados nas oficinas da Área de Fomento (2º andar da Casa do Concello de Vigo) no prazo anteriormente citado.”

En sesión do 11/05/2021, o Consello da Xerencia de Urbanismo acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(448).- APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO ÁMBITO A-2-07 CRUCEIRO. EXPTE. 16926/411.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

19(449).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2021. EXPTE. 13468/407.

Visto o informe de fiscalización de data 25/05/21, dáse conta do informe-proposta do 19/05/21, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o xerente de Urbanismo, o secretario da Xerencia de Urbanismo e a concelleira-delegada, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Con data 23 de decembro de 2020 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2021, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía o seguinte cadro de persoal:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	NÚM.	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ARQUITECTO	15	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	A1	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR URBANISMO	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ARQUITECTO TÉCNICO DE GRADO	1	A1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	5	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	A2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN	1	A2	ADMON.XERAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	2	C1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	C1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)

DELINEANTES	8 C1	ADMON ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	31 C1	ADMON XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	4 C2	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
AUXILIAR REPROGRAFÍA-DIXITALIZACION	1 C2	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2 E	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	
ALGUACIL-NOTIFICADOR	1 E	ADMON.XERAL	SUBALTERNO	
ORDENANZA	1 E	ADMON XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 103

B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.	1
-------------------------------	---

C) LABORAL (Axudante de oficios):	1
-----------------------------------	---

TOTAL = 105

Destas 105 prazas, 26 se encontran vacantes (das que 16 ocupadas están por persoal interino), estando incluídas 6 nas ofertas 2017 e 2018, ambas pendentes de executar.

Respecto das 20 restantes, de conformidade coa normativa vixente, propónse a seguinte planificación:

DENOMINACION DA PRAZA	G	TOTAL	OEP 17-18	SEN OEP	OEP 2021			
					LIBRE	PRO.INT.	CONSOLID.	RESTO
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS	A1	1	0	1	1	0	0	0
ARQUITECTO	A1	3	1	2	0	0	2	0
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	A1	6	2	4	1	0	3	0
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	A1	1	1	0	0	0	0	0
ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	A1	1	0	1	0	1	0	0
ARQUITECTO TÉCNICO DE GRADO	A1	1	0	1	0	1	0	0
TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN	A2	1	0	1	0	1	0	0
ARQUITECTO TÉCNICO	A2	1	0	1	1	0	0	0
INSPECTORES DE URBANISMO	C1	1	0	1	0	1	0	0
DELINEANTES	C1	2	0	2	1	0	0	1
ADMINISTRATIVO	C1	4	0	4	1	1	0	2
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2	4	2	2	1	0	0	1
TOTAL =		26	6	20	6	5	5	4

Por tanto, das vinte prazas "ofertables", se incluírán na oferta de emprego público 2021, once: seis de acceso libre (máximo conforme á taxa de reposición de efectivos incluída na Lei de Orzamentos do Estado para este ano 2021) e cinco de promoción interna (non computa na citada taxa de reposición de efectivos). As nove restantes quedan para ofertas pos-



Concello de Vigo

teriores, incluíndo as cinco que poden ser incorporadas a un proceso de consolidación, dada a antigüidade do persoal interino que as ocupa.

De conformidade co falado cos representantes sindicais deste Concello de Vigo (sesión de 7 de maio de 2021) e coas necesidades desta Xerencia Municipal de Urbanismo propónse incluír na oferta de emprego público deste ano 2021 as seguintes once prazas:

1) Prazas de acceso libre (6):

- 1 praza de técnico/a de administración xeral (A1).
- 1 praza de enxeñeiro/a de camiños (A1).
- 1 praza de arquitecto/a técnico/a (A2).
- 1 praza de delineante (C1).
- 1 praza de administrativo (C1).
- 1 praza de auxiliar administrativo (C2).

2) Prazas de promoción interna (5):

- 1 praza de enxeñeiro/a industrial (A1).
- 1 praza de arquitecto/a técnico de grado (A1).
- 1 praza de técnico/a medio de xestión (A2).
- 1 praza de inspector/a de urbanismo (C1).
- 1 praza de administrativo/a (C1).

Dentro deste exercicio avaliarase a posibilidade de incrementar esta oferta de emprego público en función da regulamentación estatal que se poida aprobar para a consolidación e estabilización do emprego público.

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), *“as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*.

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

“2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.

3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público es-

tablece que “as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional”. Dita promoción interna configúrase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

O artigo 19.Un da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (BOE núm. 341 de 31.12.2020), establece que “la incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público se sujetará a una tasa de reposición de efectivos del 110 por cien en los sectores prioritarios y del 100 por cien en los demás sectores”, engadindo que “las entidades locales que tuvieran amortizada su deuda financiera a 31 de diciembre del ejercicio anterior tendrán un 110 por cien de tasa en todos los sectores”.

Na Xerencia Municipal de Urbanismo deixaron de prestar servizo definitivamente seis funcionarios: un por xubilación e cinco por pasar a prestar servizo noutras Administracións sen reserva de posto (incluído o ente matriz deste Concello de Vigo). As prazas ofertadas na quenda de promoción interna non consumen taxa de reposición. En consecuencia, na oferta de emprego público proposta para 2021, dáse cumprimento ás previsións contidas na normativa vixente.

III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2021, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
1	Técnico/a Admon. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeir/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Arquitecto/a técnico/a	A1	Admón. Xeral	Técnica	Media	Libre
1	Delineante	C1	Admón. Xeral	Técnica	Auxiliar	Libre
1	Administrativo/a	C1	Admón. Xeral	Administrativa		Libre
1	Auxiliar administrativo/a	C2	Admón. Xeral	Auxiliar		Libre
1	Enxeñeiro/a industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Prom. interna
1	Arquitecto Téc. Grado	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Prom. interna



Concello de Vigo

1	Técnico Medio Xestión	A2	Admón. Xeral	Técnica	Media	Prom. interna
1	Inspector/a Urbanismo	C1	Admón. Especial	Técnica	Auxiliar	Prom. interna
1	Administrativo/a	C1	Admón. Xeral	Administrativa		Prom. interna

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e na web deste Concello de Vigo a citada Oferta de Emprego Público 2021 deste Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.

En sesión do 18/05/2021, o Consello da Xerencia de Urbanismo acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(450).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez